# AXUDAS EN MATERIA DE VIVENDA 2019

Gabinete de Comunicación



San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela
Correo-e: prensa.mot@xunta.gal
....Tlfos: 881 99 53 63/4

# AXUDAS EN MATERIA DE VIVENDA EN 2019

| REHABILITACIÓN | | |
|---|---|---|
| **1.- PARTICULARES E COMUNIDADES** | **2.- CONCELLOS** | **3.- ARIS** |
| 1.1. Préstamos para rehabilitación | 2.1 Vivendas de mestres | 3.1 Área de rehabilitación dos Camiños de Santiago |
| 1.2 Rehaluga | 2.2 Infravivenda rural | 3.2 Áreas de rehabilitación integral |
| 1.3 Mellora da eficiencia enerxética | 2.3 Fondo de cooperación cos concellos | |
| 1.4 Conservación, mellora da seguridade e accesibilidade | | |
| 1.5 Comunidades de vivendas de promoción pública (VPP) | | |
| 1.6 Comunidades VPP eficiencia enerxética (Feder) | | |

| ACESO Á VIVENDA | |
|---|---|
| **4.- PARTICULARES** | **5.- PROMOTORES** |
| 4.1 Adquisición | 5.1 Fomento do parque de vivenda en alugueiro |
| 4.2 Bono de Alugueiro Social | 5.2 Fomento de vivenda para maiores de discapacitados |
| 4.3 Axudas ao alugueiro | |

Gabinete de Comunicación

San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela
Correo-e: prensa.mot@xunta.gal
....Tlfos: 881 99 53 63/4

## REHABILITACIÓN

### AXUDAS A PARTICULARES

| 1.1 PRÉSTAMOS PARA REHABILITACIÓN | |
|---|---|
| **Destinatarios** | Propietarios e comunidades de propietarios |
| **Obxectivo** | Facilitar o acceso ao financiamento para actuacións de rehabilitación en vivendas |
| **Requisitos** | Axudas aos promotores das actuacións de rehabilitación, xa sexan propietarios ou teñan calquera outro título que acredite a posesión do inmoble<br>Sempre serán persoas físicas.<br>Ingresos inferiores a 6,5 veces o Iprem<br>Concedidos por entidades financeiras que teñen asinado o convenio co Instituto Galego da Vivenda e Solo (Abanca, Caixa Rural Galega, CaixaBank e Banco Sabadell)<br>Importe máximo do préstamo:<br>- 30.000 € con garantía persoal<br>- 60.000 € con garantía hipotecaria |
| **Axudas** | A porcentaxe da subsidiación dos xuros do préstamo e a súa duración dependerá do nivel de ingresos da unidade de convivencia do beneficiario, de acordo co establecido no seguinte cadro: |
| **Convocatoria 2019** | Importe: 204.405 €<br>Publicación DOG: 5/02/2019<br>Remate do prazo de solicitudes: 15/10/2019 |

| **INGRESOS** | **Subsidiación** | **Duración máxima** |
|---|---|---|
| Menor ou igual a 4 Iprem | 100 % dos xuros | 48 meses |
| Maior de 4 e menor de 5,5 Iprem | 80 % dos xuros | 36 meses |
| Maior de 5,5 e menor de 6,5 Iprem | Sen subsidiación | Duración do préstamo |



Gabinete de Comunicación

San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela
Correo-e: prensa.mot@xunta.gal
....Tlfos: 881 99 53 63/4

## REHABILITACIÓN
### AXUDAS A PARTICULARES

| 1.2 PROGRAMA REHALUGA | |
|---|---|
| **Destinatarios** | Propietarios de vivendas incluídas no Programa de Vivendas Baleiras |
| **Obxectivo** | Facilitar a mellora das condicións das vivendas incorporadas ao programa de Vivendas Baleiras |
| **Requisitos** | Programa de rehabilitación vinculado ao Programa de Vivendas Baleiras. O Rehaluga concede axudas aos propietarios de vivendas adheridas ao Programa de Vivendas Baleiras para a realización de obras de rehabilitación e mellora das vivendas. |
| **Axudas** | 100% do custe das actuacións<br>Máximo 8.000 euros por vivenda |
| **Convocatoria 2019** | Importe: 100.000 €<br>Publicación DOG: 5/02/2019<br>Remate do prazo de solicitudes: 29/11/2019 |
| **Novidades respecto de 2018** | Incrementase o importe máximo de 4.000-5.500 € a 8.000 € por vivenda |

Gabinete de Comunicación

San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela
Correo-e: prensa.mot@xunta.gal
....Tlfos: 881 99 53 63/4

## REHABILITACIÓN

### AXUDAS A PARTICULARES

<table>
<tr><th colspan="2">1.3 FOMENTO DE MELLORA DA EFICACIA ENERXÉTICA E DA SUSTENTACIÓN EN VIVENDAS</th></tr>
<tr><td>Destinatarios</td><td>Propietarios e comunidades de propietarios</td></tr>
<tr><td>Obxectivo</td><td>Fomentar a rehabilitación de vivendas existente para mellorar a súa eficiencia enerxética e sustentación</td></tr>
<tr><td>Requisitos</td><td>Vivendas rematadas antes de 1996.<br>Actuacións subvencionables: mellora da envolvente térmica da vivenda ou do edificio; a instalación de sistemas de calefacción, refrixeración, produción de auga quente sanitaria e ventilación para o acondicionamento térmico ou o incremento da eficiencia enerxética dos xa existentes; a instalación de equipos de xeración ou que permitan a utilización de enerxías renovables e as actuacións que melloren o cumprimento da normativa técnica en cuestións como o illamento sonoro.<br>- As que afecten a elementos cuxo tratamento permita reducir de forma efectiva no interior da edificación a media anual de concentración de radón<br>- en edificios de tipoloxía residencia colectiva subvencionarase a mellora da eficiencia enerxética das instalacións comúns de ascensores e iluminación; a mellora do subministro de auga e aforro da mesma; mellora do saneamento separativo e outras que afectan a factores como a redución do consumo de auga en zonas comúns ou o fomento da mobilidade sustentable</td></tr>
<tr><td>Axudas</td><td>40% do orzamento<br>75% si os ingresos son inferiores a veces o 3 Iprem<br>75% no caso de actuacións de accesibilidade se na unidade da convivencia residente na vivenda hai unha persoa con discapacidade ou maior de 65 anos.<br><br>
<table>
<tr><th></th><th>Vivenda unifamiliar</th><th>Vivenda colectiva</th></tr>
<tr><td>Básica</td><td>12.000 €</td><td>8.000 €</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Familia con discapacitado (depende do tipo de discapacidade)</td><td>18.000 €</td><td>12.000 €</td></tr>
<tr><td>24.000 €</td><td>16.000 €</td></tr>
</table>
</td></tr>
<tr><td>Convocatoria 2019</td><td>Importe: 2.500.000 €<br>Publicación DOG: primeiro trimestre de 2019</td></tr>
</table>



Gabinete de Comunicación
San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela
Correo-e: prensa.mot@xunta.gal
....Tlfos: 881 99 53 63/4

## REHABILITACIÓN

### AXUDAS A PARTICULARES

<table>
<tr><th colspan="2">1.4 FOMENTO DA CONSERVACIÓN, DA MELLORA DA SEGURIDADE DE UTILIZACIÓN E A ACCESIBILIDADE EN VIVENDAS</th></tr>
<tr><td>Destinatarios</td><td>Propietarios e comunidades de propietarios</td></tr>
<tr><td>Obxectivo</td><td>Facilitar actuacións de conservación, mellora da seguridad no seu uso e accesibilidade en vivendas xa existentes</td></tr>
<tr><td>Requisitos</td><td>Vivendas rematadas antes de 1996<br>Actuacións sustentables as relativas á conservación da cimentación, da estrutura, das instalacións, de cubertas e fachadas, a adecuación interior da vivenda unifamiliar, instalación de ascensores, salvaescaleiras, ramplas ou outros dispositivos de accesibilidade e outros como a instalacións de sinalización, elementos electrónicos de comunicación, domótica e calquera elemento que facilite a accesibilidade.</td></tr>
<tr><td>Axudas</td><td>40% do orzamento<br>75% si os ingresos son inferiores a 3 Iprem<br>75% no caso de actuacións de accesibilidade se na unidade da convivencia residente na vivenda hai unha persoa con discapacidade ou maior de 65 anos.
<table>
<tr><th></th><th>Actuacións de conservación</th><th>Actuacións de seguridade e accesibilidade</th></tr>
<tr><td>Básica</td><td rowspan="3">3.000 €</td><td>8.000 €</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Familia con discapacitado (depende do tipo de discapacidade)</td><td>14.000 €</td></tr>
<tr><td>17.000 €</td></tr>
</table>
</td></tr>
<tr><td>Convocatoria 2019</td><td>Importe: 6.744.300 €<br>Publicación DOG: primeiro trimestre de 2019</td></tr>
</table>

Gabinete de Comunicación

San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela
Correo-e: prensa.mot@xunta.gal
....Tlfos: 881 99 53 63/4

## REHABILITACIÓN

### AXUDAS A PARTICULARES

| 1.5 COMUNIDADES DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA | |
|---|---|
| **Destinatarios** | Comunidades de propietarios de vivendas de promoción pública |
| **Obxectivo** | Facilitar actuacións de reparación e adecuación dos inmobles |
| **Requisitos** | Destinadas exclusivamente a comunidades de propietarios de vivendas de promoción pública (construídas polo IGVS ) |
| **Axudas** | 40% do orzamento |
| **Convocatoria 2019** | Importe: 1.100.000 €<br>Publicación DOG: primeiro trimestre de 2019 |


San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela
Correo-e: prensa.mot@xunta.gal
....Tlfos: 881 99 53 63/4

## REHABILITACIÓN
### AXUDAS A PARTICULARES

| 1.6 COMUNIDADES DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA. EFICIENCIA ENERXÉTICA | |
|---|---|
| **Destinatarios** | Comunidades de propietarios de vivendas de promoción pública |
| **Obxectivo** | Facilitar actuacións de mellora da eficiencia enerxética dos inmobles |
| **Requisitos** | Destinadas exclusivamente a comunidades de propietarios de vivendas de promoción pública (construídas polo IGVS) para actuacións de eficiencia enerxética |
| **Axudas** | 80% do orzamento |
| **Convocatoria 2019** | Importe: 1.600.000 €<br>Publicación DOG: primeiro trimestre de 2019 |


San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela
Correo-e: prensa.mot@xunta.gal
....Tlfos: 881 99 53 63/4

REHABILITACIÓN

AXUDAS A CONCELLOS

| 2.1 AXUDAS PARA REHABILITACIÓN DE VIVENDAS DE MESTRES, OUTROS OFICIOS E OUTRAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL | |
|---|---|
| **Destinatarios** | Concellos |
| **Obxectivo** | Facilitar a rehabilitación de vivendas de titularidade municipal para destinalas ao alugueiro por persoas e unidades de convivencia con ingresos reducidos |
| **Requisitos** | Concellos de menos de 20.000 habitantes nos que existan demandantes de vivenda inscritos no Rexistro de Demandantes de Vivenda de Galicia (polo menos tantos como vivendas se pretende rehabilitar).<br>Unha vez rehabilitadas as vivendas destinaranse, en réxime de alugamento, a unidades de convivencia con escasos recursos económicos (menos de 2,5 Iprem) durante un prazo non inferior a 20 anos.<br>O concello estará adherido ao Programa de Vivendas Baleiras ou en trámite de adhesión. As vivendas adxudicaranse conforme a este programa |
| **Axudas** | 90% do orzamento<br>Límite máximo:<br>40.000 € con carácter xeral<br>48.000 € en ámbitos históricos ou dos Camiños de Santiago. |
| **Convocatoria 2019** | Importe: 1.761.135,62 €<br>Publicación DOG: 5/02/2019<br>Remate do prazo de solicitudes: 31/05/2019 |
| **Nota** | Os concellos poden usar esta axuda en combinación cos préstamos do Fondo de Cooperación cos concellos para adquirir vivendas e rehabilitalas con destino ao alugueiro. |

Gabinete de Comunicación

San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela
Correo-e: prensa.mot@xunta.gal
....Tlfos: 881 99 53 63/4

## REHABILITACIÓN

### AXUDAS A CONCELLOS

| 2.2 AXUDAS PARA REHABILITACIÓN DE INFRAVIVENDA RURAL | |
|---|---|
| **Destinatarios** | Concellos |
| **Obxectivo** | Facilitar a rehabilitación de infravivendas existentes no medio rural |
| **Requisitos** | Concellos de menos de 10.000 habitantes<br>As vivendas poden ser de propiedade dos concellos ou de propiedade privada, pero a axuda sempre a solicita o concello.<br>Os ocupantes das vivendas terán ingresos que non superen 1 vez o Iprem.<br>Destinar a vivenda rehabilitada a solucionar os problemas de infravivenda durante un prazo non inferior a cinco anos |
| **Axudas** | 95% do custe<br>Máximo 15.000 euros por infravivenda |
| **Convocatoria 2019** | Importe: 200.000 €<br>Publicación DOG: 5/02/2019<br>Remate do prazo de solicitudes: 31/05/2019 |


San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela
Correo-e: prensa.mot@xunta.gal
....Tlfos: 881 99 53 63/4

## REHABILITACIÓN

## AXUDAS A CONCELLOS

| 2.3 FONDO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS | |
|---|---|
| **Destinatarios** | Concellos |
| **Obxectivo** | Financiar actuacións de rehabilitación por parte dos concellos. Inclúe adquisición de inmobles para rehabilitar |
| **Requisitos** | Concellos de menos de 50.000 habitantes |
| **Axudas** | Préstamo do IGVS sen xuros, a devolver en oito anos. |
| **Convocatoria 2019** | Importe: 6.224.861 €<br>Publicación DOG: primeiro trimestre de 2019 |



San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela
Correo-e: prensa.mot@xunta.gal
....Tlfos: 881 99 53 63/4

## REHABILITACIÓN

### ÁREAS DE REHABILITACIÓN

| 3.1 ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO | |
|---|---|
| **Destinatarios** | Comunidades de propietarios, as agrupacións de comunidades de propietarios e as persoas físicas propietarias únicas de edificios ou de vivendas que estean emprazadas no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago |
| **Obxectivo** | Facilitar a rehabilitación de vivendas emprazadas na área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago |
| **Requisitos** | Axudas para rehabilitación a comunidades de propietarios, as agrupacións de comunidades de propietarios e as persoas físicas propietarias únicas de edificios ou de vivendas que estean emprazadas no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago e estean en posesión da correspondente resolución de cualificación definitiva outorgada polo Instituto Galego da Vivenda e Solo. |
| **Axudas** | **Plan de vivenda**: 35% do orzamento co límite de 12.000 euros.<br>**Autonómica**: 10% do orzamento co límite de 4.000 euros (20% co límite de 5.000 € se cumpre a Guía de Cores e Materiais) |
| **Convocatoria 2019** | Importe: máximo 1.500.000 € (A contía definitiva está pendente de axustes)<br>Publicación DOG: segundo trimestre de 2019 |



San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela
Correo-e: prensa.mot@xunta.gal
....Tlfos: 881 99 53 63/4

## REHABILITACIÓN

### ÁREAS DE REHABILITACIÓN

| 3.2 ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL. | |
|---|---|
| **Destinatarios** | Propietarios de vivenda e concellos |
| **Obxectivo** | Reparto de fondos entre os concellos con áreas de rehabilitación. Destinados a axudas aos propietarios que rehabiliten as súas vivendas e aos propios concellos para obras de urbanización e reurbanización no ámbito da ARI |
| **Axudas** | Propietarios que rehabiliten as súas vivendas<br>• **Plan de Vivenda**: 35% do orzamento, límite de 12.000 €.<br>• **Autonómica**: 10% do orzamento, límite de 4.000 euros<br>Os concellos poden recibir axudas para obras de urbanización e reurbanización no ámbito da ARI |
| **Convocatoria 2019** | Importe: máximo 5.000.000 € (A contía definitiva está pendente de axustes)<br>Publicación DOG: segundo trimestre de 2019 |



San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela
Correo-e: prensa.mot@xunta.gal
....Tlfos: 881 99 53 63/4

## ACCESO Á VIVENDA
### AXUDAS A PARTICULARES

| 4.1 AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE VIVENDA | |
|---|---|
| **Destinatarios** | Adquirentes de vivendas novas ou usadas |
| **Obxectivo** | Facilitar o acceso á vivenda en propiedade aos menores de 35 anos |
| **Requisitos** | Menores de 35 anos<br>Vivendas emprazadas en concellos de menos de 5.000 habitantes<br>Ingresos que non superen 3 veces o Iprem (Poden chegar a 4 veces o Iprem no caso de familias numerosas de categoría xeral ou unidades de convivencia con discapacitados; e no caso de familias numerosas de categoría especial ou unidades de convivencia nos que algún membro sufra unha das discapacidades establecidas na resolución, o límite será de 5 veces o Iprem)<br>O prezo de adquisición da vivenda, incluídos os seus anexos, sen os gastos e tributos inherentes a ela, será igual ou inferior a 100.000 euros. |
| **Axudas** | 20% do custe de adquisición.<br>Límite máximo 10.800 euros<br>Compatible con outras axudas (sen superar o 100% do custe no seu conxunto) |
| **Convocatoria 2019** | Importe: 800.000 €<br>Publicación DOG: 11/01/2019<br>Remate do prazo de solicitudes: 31/10/2019 |


San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela
Correo-e: prensa.mot@xunta.gal
....Tlfos: 881 99 53 63/4

| ACCESO Á VIVENDA |
|---|
| AXUDAS A PARTICULARES |

| 4.2 BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL | |
|---|---|
| **Destinatarios** | Persoas con dificultades para o pago do alugueiro que pertenzan a algún dos colectivos previstos na normativa |
| **Obxectivo** | Facilitar o acceso á vivenda en alugueiro as persoas e unidades de convivencia con máis dificultades |
| **Requisitos** | Os beneficiarios pertencerán a algún dos seguintes colectivos:<br><br>►Residentes en vivendas de entidades financeiras ou da Sociedade de Xestión de Activos procedentes de Reestruturación Bancaria (SAREB), en virtude dos Convenios de colaboración subscritos entre o IGVS e as citadas entidades, rematasen a vixencia do seu contrato de arrendamento dentro dos seis (6) meses anteriores á data de presentación da súa solicitude de subvención do programa do bono alugueiro social.<br><br>►Arrendatarios de vivendas de promoción pública propiedade da Xunta cuxa vixencia do contrato rematase despois da entrada en vigor desta orde.<br><br>►Persoas que por concorrer circunstancias de emerxencia social e non acadar os ingresos necesarios establecidos no Programa de Vivendas Baleiras, a comisión de seguimento e coordinación de dito programa lles propoña a adxudicación dunha vivenda no marco de dito programa<br><br>►As persoas que precisen dunha axuda para asumir o custo do arrendamento da súa vivenda por estar inmersas en situacións de especial dificultade que determinaron a interposición pola persoa arrendadora dunha demanda de desafiuzamento por non pagamento das rendas ou que se ditara unha resolución xudicial nun procedemento de similar natureza.<br><br>►As vítimas de violencia de xénero con dificultades para asumir o custe do arrendamento dunha vivenda e que no a momento da solicitude se atopen residindo nun recurso de acollida dos integrados na rede galega de acollemento para este colectivo e adscritos a unha administración pública.<br><br>►As unidades de convivencia con dificultades para asumir o custe do arrendamento dunha vivenda e que foran privados da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta derivados dunha circunstancia |


San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela
Correo-e: prensa.mot@xunta.gal
....Tlfos: 881 99 53 63/4

| | |
|---|---|
| | imprevisible e sobrevida, tales como incendios, inundacións, etc.<br><br>►Aquelas que, tendo sido beneficiarias do Programa Aluga, regulado polo Decreto 84/2010, do 27 de maio, para o fomento do alugamento de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia, desfrutasen na súa totalidade da subvención do dito programa e lles rematasen o período máximo de desfrute desta axuda dentro dos nove (9) meses anteriores á data da presentación da súa solicitude de subvención do programa do Bono Alugueiro Social.<br><br>O prezo mensual máximo das vivendas é de 450, 400 e 350 euros ao mes segundo a zona xeográfica na que se atopen |
| **Axudas** | Axuda de 225, 200 ou 175 euros ao mes segundo zona xeográfica<br><br>Concedidas por 12 meses prorrogables por outros dous períodos de 12 meses.<br><br>Prórrogas extraordinarias por outros tres períodos de 12 meses.<br>Total: ata 6 anos.<br><br>Ademais unha axuda única de 600 euros para gastos de contrato e de contratos de subministros. |
| **Convocatoria 2019** | Importe: 3.880.000 €<br>Publicación DOG (bases): 7/01/2019<br>Publicación DOG (convocatoria 2019): 10/01/2019<br>Remate do prazo de solicitudes: 13/12/2019 |
| **Novidades respecto de 2018** | • Incrementase en 25 euros o importe do Bono<br>• Incrementase en 50 euros o prezo máximo do alugueiro<br>• Inclúense as prórrogas extraordinarias, de maneira que a duración máxima pasa de 3 a 6 anos.<br>• Inclúese un novo colectivo: residentes en vivendas de Sareb e entidades financeiras en virtude dos convenios asinados co IGVS. |


San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela
Correo-e: prensa.mot@xunta.gal
....Tlfos: 881 99 53 63/4

## ACCESO Á VIVENDA

## AXUDAS A PARTICULARES

| 4.3 AXUDAS PARA O ALUGUEIRO | |
|---|---|
| **Destinatarios** | Persoas e unidades de convivencia que residan en vivendas alugadas |
| **Obxectivos** | Facilitar o pago do alugueiro a persoas e unidades de convivencia con ingresos reducidos |
| **Requisitos** | Ingresos:<br>- 0,7 a 2,5 Iprem con carácter xeral<br>- 4 veces o Iprem: familias numerosas de categoría xeral ou persoas con determinadas discapacidade establecidas na Orde.<br>- 5 veces o Iprem: familias numerosas de categoría especial ou persoas con discapacidade dalgún dos tipos indicados na Orde.<br><br>Prezo máximo do alugueiro segundo zona xeográfica: 300 - 400 - 500 €/mes |
| **Axudas** | **Liña A**, axuda ao alugamento de vivenda: a súa finalidade é facilitar o desfrute dunha vivenda en réxime de alugamento a sectores de poboación con escasos medios económicos, mediante a concesión de axudas directas ás persoas inquilinas.<br>Importe: 40 por cento da renda mensual, excepto para as persoas que na data de presentación da solicitude teñan máis de 65 anos, en cuxo caso a axuda será do 50 por cento da renda mensual.<br><br>**Liña B**, axuda á mocidade para o alugamento de vivenda habitual e permanente: a súa finalidade é facilitar o acceso ao desfrute dunha vivenda digna e adecuada, en réxime de alugamento, a persoas menores de 35 anos con escasos medios económicos, mediante o outorgamento de axudas directas ás persoas inquilinas.<br>Importe: 50 por cento da renda mensual que se deba satisfacer polo alugamento.<br>Nos dous casos as axudas concederanse por un prazo de tres anos (renovables ano a ano) |
| **Convocatoria 2019** | Importe: Liña A 6.000.000 €- Liña B 4.500.000€<br>Publicación DOG: primeiro trimestre de 2019 |



San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela
Correo-e: prensa.mot@xunta.gal
....Tlfos: 881 99 53 63/4

## ACCESO Á VIVENDA

### AXUDAS A PROMOTORES

| 5.1 FOMENTO DO PARQUE DE VIVENDAS EN ALUGUEIRO | |
|---|---|
| **Destinatarios** | Promotores |
| **Obxectivo** | Promoción de edificios de tipoloxía residencial colectiva de nova construción ou de vivendas procedentes da rehabilitación de edificios, así como de vivendas ou promocións de vivendas con obras en curso paralizadas que se reanuden ata a súa completa finalización. Soamente se financiarán as rehabilitacións de vivendas unifamiliares ou vivendas illadas cando estean situadas en conxuntos históricos |
| **Requisitos** | Que as vivendas se vaian ceder en uso ou destinar ao arrendamento durante un prazo mínimo de 25 anos,<br>**Modalidade A**: o prezo máximo do alugueiro será de 4,90, 4,26 ou 3,70 euros por metro cadrado segundo á área xeográfica na que se atope a vivenda.<br>Os ingresos máximos dos adxudicatarios non poderán superar 3 veces o Iprem (4 ou 5 veces para familias numerosas -segundo a categoría- e familias con discapacitados en función do tipo de discapacidade)<br><br>**Modalidade B**: o prezo máximo do alugueiro será de 5,23, 4,55 ou 4,12 euros por metro cadrado segundo á área xeográfica na que se atope a vivenda.<br>Os ingresos máximos dos adxudicatarios non poderán superar 4,5 veces o Iprem (5 veces para familias numerosas e familias con discapacitados en función do tipo de discapacidade) |
| **Axudas** | **Modalidade A:** 50% do investimento, co límite de 350 € por metro cadrado útil de vivenda e 36.750 € por vivenda.<br><br>**Modalidade B:** 40% do investimento, co límite de 300 € por metro cadrado útil de vivenda e 31.500 € por vivenda |
| **Convocatoria 2019** | Importe: 5.778.000 €<br>Publicación DOG: primeiro trimestre de 2019<br>Remate do prazo de solicitudes: un mes despois da publicación no DOG |
| **Novidades respecto de 2018** | Liña de axudas de nova creación en 2019 |

## ACCESO Á VIVENDA

### AXUDAS A PROMOTORES

| 5.2 FOMENTO DE VIVENDAS PARA PERSOAS MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE | |
|---|---|
| **Destinatarios** | Promotores privados e públicos |
| **Obxectivo** | Edificios residenciais colectivos de nova construción ou rehabilitados |
| **Requisitos** | As instalacións e servizos comúns haberán de incluír, como mínimo: asistencia social, atención médica básica vinte e catro horas dispoñible e próxima, limpeza e mantemento, dispositivos e sistemas de seguridade, restauración, actividades sociais, deportivas, de lecer e culturais así como terapias preventivas e de rehabilitación.<br><br>Destinaranse ao alugueiro durante un prazo mínimo de 40 anos.<br><br>O prezo do alugueiro non poderá superar os 9,5 euros mensuais por metro cadrado útil de vivenda. |
| **Axudas** | 40% do investimento<br>Límite: 400 euros por metro cadrado de superficie útil de vivenda |
| **Convocatoria 2019** | Importe: 4.786.400 €<br>Publicación DOG: segundo trimestre de 2019<br>Remate do prazo de solicitudes: un mes despois da publicación no DOG |
| **Novidades respecto de 2018** | Liña de axudas de nova creación en 2019 |



San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela
Correo-e: prensa.mot@xunta.gal
....Tlfos: 881 99 53 63/4

# RESUMO

| REHABILITACIÓN | | Importe € | Data |
|---|---|---|---|
| Particulares | Préstamos para rehabilitación | 204.405 | 5/2/19 |
| | Rehaluga | 100.000 | 5/2/19 |
| | Mellora da eficacia enerxética | 2.500.000 | 1º trimestre |
| | Conservación, mellora da seguridade e accesibilidade | 6.744.300 | 1º trimestre |
| | Comunidades VPP | 1.100.000 | 1º trimestre |
| | Comunidades VPP (Feder) | 1.600.000 | 1º trimestre |
| Concellos | Antigas vivendas de mestres | 1.761.135 | 5/02/19 |
| | Infravivenda rural | 200.000 | 5/02/19 |
| | Fondo de cooperación cos concellos | 6.224.861 | 1º trimestre |
| ARIS | Área de rehabilitación dos Camiños de Santiago | 1.500.000 | 2º trimestre |
| | Áreas de rehabilitación integral | 5.000.000 | 2º trimestre |

| ACCESO Á VIVENDA | | Importe € | Data |
|---|---|---|---|
| Particulares | Adquisición | 800.000 | 11/01/19 |
| | Bono de Alugueiro Social | 3.888.000 | 10/01/19 |
| | Axudas ao alugueiro | 10.500.000 | 1º trimestre |
| Promotores | Fomento parque vivenda alugueiro | 5.778.000 | 1º trimestre |
| | Fomento vivenda para maiores e discapacitados | 4.786.400 | 2º trimestre |


San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela
Correo-e: prensa.mot@xunta.gal
....Tlfos: 881 99 53 63/4